

## Unha muller na historia

Ola, chámome Lela, teño 10 anos e vivo nunha pequena vila do interior xunto coa miña nai e a miña avoa, xa que o meu pai está emigrado e casi nunca vén á casa. Hoxe pola tarde estabamos limpando a habitación da avoa, a min tocábarme limpar o armario, cando ía collex a baeta para limpar, de súpeto escoito un estonido, vexo que caeu unha caixa con moitas cousas de entriba do armario... Alí dentro había fotos antigas, cintas de casete... e no fondo atopábase un libriño de cor marrón, abríno e na primeira follá puña: Diaño. Cal non foi a miña sorpresa cando vin que ese era o diaño da miña bisavoa, que o tiña miña avoa gardado coma ouro en faño. Chamei correndo a miña avoa e díxenlle se mo deixaba ler. Ela díxome que si e que o cuidara moi ben porque era un recordo que tiña da súa nai. Con emoción baixei para a eira e sentime nas escaleiras do cabazo xa que ese era o sitio preferido da miña nai, da miña avoa e incluso da miña bisavoa.

Abraín o diario...

Día 13/6/1853:

Hoxe fun á feira para vender uns ovos e polos pero non foi un día co ma outro calquera. Atopeime cun s coateis nos que se anunciaba: "precísanse homes para embarcar a América levaren menciñas por culpa da epidemia, será unha viaxe longa e dura". Inscríbise. Eu non o pensei dúas veces e fun correndo inscribíume, pero para ir no barco, tínhamos que disfrazar de home...

Foi a primeira muller na historia que embarcou, ía ela soa xunto con moitos homes, e, como o de embarcar e as tarefas que se facían era "cosa de homes" naquela época, facíase para por un home para estar traballando con eles e gañar cartos para comer. Cando chegaron a América, descarga ron todas as menciñas e cando á miña bisavoa lle caeu o sombreiro descubriron que era unha muller. Todas quedaron abraiados e incluso lle aplaudiron "Que muller máis valente e traballadora!"

Ela, de ombros encollidos, seguiu des cargando con toda a emoción e felici

dade que levaba dentro, ou eso puña no seu diario...

Esta historia fíxome pensar que as mulleres tiñan que facer cousas increíbles para poder sacarse adiante, tanto a elas coma a súa familia. Fíxome pensar que hai, houbo e haberá mulleres moi loitadoras na historia, mulleres coñecidas e outras anónimas que loitaron polo seu pan e pobo seus dereitos e liberdades, que a palabra muller quede escrita e xarrais borrada.

Seguírei lendo o diario, que de seguro ten moitas máis cousas interesantes, historias fantásticas que algún día vos contarei. Agora vou seguir escribindo sobre outras mulleres galegas, que deixaron gran pegada na nosa historia como María Pita, nace en Sigrás no 1.560 e morre no mesmo lugar en 1.643, foi unha gran heroína galega na defensa da Coruña contra o ataque inglés acontecido no ano 1.589, loitou sempre polo seu pobo. Non me podo esquecer de Concepción Arenal, foi unha muller que naceu en 1820 o 31 de xaneiro en Ferrol e morreu en 1893, o 4 de febreiro en Vigo aos 73 anos.

Foi unha das primeiras mulleres que estudaron na universidade, incluso se pensa que tivo que disfrazarse de home para poder estudar Dereito.

Escribiu moito, en particular sobre temas xudiciais e sociais. Reivindicou a situación maxinada da muller.

Pensaba que a muller era un ser humano maxinado á que hai que axudar, estimular e respectar. Abriu as portas ás mulleres, á vida social e laboral e fíxose unha experta en dereito penitenciario e medicina hospitalaria a nivel internacional.

Rosalía de Castro, foi unha muller que naceu en Santiago de Compostela o 24 de febreiro de 1837, tivo 7 fillos, sacounos adiante, ademais de escribir os seus poemas, atendía á súa familia, Rosalía morreu o 15 de xullo de 1885 aos 48 anos de idade.

A súa obra está escrita en galego e en castelá. Normalmente os seus poemas son tristes xa que a súa vida foi moi dura pero ela seguiu loitando, incluso uns días antes de morrer de cancro, escribiu un poema no que dida o pouco tempo que lle quedaba. No campo da ciencia para min foi un

exemplo a seguir Olimpia Valencia que naceu en Baltar, provincia de Ourense o 14 de decembro de 1898. Era filla única nunha familia acomodada e estudou na Universidade de Santiago de Compostela e Madrid, alí estudou maxisterio pero non lle gustou e quixo estudar Medicina, moita xente do seu entorno non estaba de acordo, xa que era unha carreira para homes naquela época. Foi a primeira muller en obter o título de Medicina, destacando na súa carreira con 19 matriculas de honra e premio extraordinario de licenciatura, foi recoñecida sempre pola súa elegancia persoal, discreción e calidade humana. Morre no verán do ano 1987.

Outra gran loitadora foi Enriqueta Otero, naceu en Miranda (Castroverde) o 26 de febreiro de 1910 e falecida en Lugo o 31 de outubro de 1989. Durante a súa vida estudou maxisterio, e, ao estalar a Guerra Civil adicouse á evacuación de cativos ao levante. Logo traballou como enfermeira no Hospital Militar de Carabanchel. En xaneiro de 1937, incorporouse como militante da cultura á defensa de Madrid no

Exército do Centro. Participou na creación de varios fogares-soldado ou hospitais-escola. Fíxose cargo dunha gardaría para os fillos dos soldados e moitas cousas máis, foi unha muller loitadora que axudou a moita xente, un exemplo a seguir.

Estas soamente son unhas poucas mulleres das moitas que hai destacadas en Galicia. Grazas ás súas loitas, agora nós gozamos dos dereitos e liberdades que temos.

Loitemos como galegas !!

Lela